

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO PARA ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 8:30 horas do martes 22 de xuño de 2.010, reúnen os membros do tribunal de selección de 1 praza de técnico para accións de información, orientación e busca de emprego do Concello de Cabana de Bergantiños, coa composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 415/2010 do 31 de maio, estando presentes: D^a. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, D^a. Silvana Facal Martínez (traballadora laboral fixo do Concello) que actúa como vogais e D. Federico M. Suárez Cancelo, (Secretario do Concello) que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto. Non está presente D^a. M^a Dolores Hortas Valeiro (traballadora laboral fixa do Concello), por atoparse de baixa laboral.

Con data de 2 de xuño de 2.010, reuniuse este tribunal, co fin de proceder á valoración dos méritos achegados polos aspirantes e valorar igualmente a entrevista persoal realizada, de todo o cal extendeuse a oportuna acta, que foi publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na web do mesmo (www.concello-cabana.com). Propoñéndose por parte do Tribunal de selección a D^a. M^a. Vanessa Andrade Lema, por ter obtido a maior puntuación logo da suma de tódolos apartados valorables.

Con data de 9 de xuño de 2.010 (RE nº 1728/2010 do 9/06), D^a. Beatriz Pena González, aspirante e polo tanto interesada no procedemento, presenta unha reclamación por considerar que non foi correcta a valoración realizada polo tribunal do apartado C, referente á experiencia profesional.

Vista a reclamación presentada, o Tribunal observa que efectivamente debido a un erro procedeuse a valorar os períodos de 6 meses de experiencia en postos directamente relacionados coa praza con 0,4 puntos por cada 6 meses traballados, cando as bases esixían para ser valorado que se tivera traballado un período mínimo de 6 meses, pero cumprida tal condición, valoraríase 0,4 puntos por cada mes traballado. E igualmente no caso da experiencia profesional en postos indirectamente relacionados nos que valorouse con 0,01 puntos os períodos de 6 meses traballados, e non 0,01 puntos por mes traballado sempre que se cumprira o prazo mínimo de 6 meses continuados. Tal puntuación errónea foi aplicada a tódolos aspirantes.

Polo que comprobada a existencia dun erro na citada puntuación, o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto decidiu corrixir o erro existente en relación á valoración da experiencia profesional para tódolos aspirantes, de tal xeito que as puntuacións resultantes serán:

NOME	A	B	C	D	E	Total
Andrade Lema, M ^a Vanesa	2,5	2	0	0,50	2	7
Asorey Zorraquino, Natali	2	0,42	0,70	0,50	0	3,62
Escamez Sánchez, M ^a Dolores	2	0	0	0,15	1	3,15

Espasandín Bermudez, Irene	2,5	2	5	0,50	0	10,00
Fieira Lorenzo, José Manuel	2	2	0	0,50	0,25	4,75
García Abelenda, M ^a José	2	0	0	0,50	2	4,50
Longueira Doval, Berta	2,5	2	0,12	0,50	0,50	5,62
Pena González, Beatriz	2	2	5	0,50	2	11,50
Sánchez Cabezas, Cristina Pilar	2,5	0,89	4,80	0,50	1	9,69
Sánchez Pallas, Raquel	2,5	0	0	0,25	2	4,75
Valín Vilaboa, M ^a Jesús	2	0	0	0,50	0,50	3
Varela Borrazás, M ^a Luz	2	0,50	2,40	0,50	0,75	6,15
Vázquez Fondo, Purificación	2,5	1,79	0	0,50	0,50	5,29
Viñal Lorenzo, María	2	0	0	0,50	0,50	3

Polo tanto á vista da puntuación corrixida, o Tribunal de selección propón por unanimidade dos seus membros con dereito a voto propoñer provisionalmente (preselección) a D^a. Beatriz Pena González, para a praza ofertada, quedando o resto dos aspirantes como suplentes no caso de posibles renuncias ou vacantes pola orde de puntuación obtida e comunicarlle o mesmo á Dirección Xeral de Colocación e Formación que deberá dar o seu visto bo á proposta de nomeamento de conformidade co previsto na Orde de 31 de decembro de 2.009, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, tal e como establecen as bases de selección no seu punto noveno.

Levántase a sesión cando son as 9:30 horas do día indicado.

Asinan os membros presentes do tribunal de selección.